

PONTEAREAS, HÁBITAT SAUDÁBEL

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

A participación cidadá é un elemento clave da construción democrática do Concello. Permite adecuar os proxectos urbanos ás verdadeiras necesidades da poboación mediante procesos que aúnen a visión técnica e as percepcións cidadás.

Diálogo

O Concello de Ponteareas, a través desta reunión para a exposición pública, inicia un proceso de diálogo cos grupos de interese que poderían ser futuros usuarios/as do equipamento para determinar as súas necesidades e cales podían ser os posibles usos e servizos do centro.

Presentación pública

Entregado o proxecto básico, o equipo técnico do estudo de arquitectura encargado da redacción do proxecto realizará unha presentación do mesmo e, posteriormente, abrirase unha quenda de preguntas e suxestións para as e os asistentes.



CENTRO CÍVICO DE PONTEAREAS

PROCESO PARTICIPATIVO
EXPOSICIÓN PÚBLICA

MARTES, 10 DE AGOSTO ÁS
20:30 SALÓN DE PLENOS
DA CASA DO CONCELLO

A estratexia de crecemento "Ponteareas, hábitat saudábel" dirixe o rumbo da nosa cidade hacia un futuro máis respectuoso co medio ambiente e coas persoas, máis sustentábel e tecnolóxicamente avanzado.

A cidadanía convértese en protagonista do seu espazo e a través de modelos de participación está presente nas decisións máis significativas. Unha vila na que todas e todos podamos atopar a solución ás nosas necesidades cotiás.

<https://ponteareas.gal/>
<http://habitat.ponteareas.gal/>

PONTEAREAS, HÁBITAT SAUDÁBEL



EN QUE CONSISTE O PROXECTO?

Servizos públicos

O primeiro Centro Cívico estará aberto ao espazo público da Praza Maior, convidando así ao seu uso e desfrute e ofrecendo servizos de alta demanda deseñados para o desenvolvemento persoal e social diario da cidadanía

Espazos multiúsos, espazos polivalentes

- Espazos para a conciliación familiar e laboral
- Espazos para asociacións e colectivos sociais
- Espazo para a convivencia da mocidade
- Servizo de atención temperá
- Unha oficina de información
- Salas de exposicións
- Salas para proxeccións
- Salas para actividades formativas

Revitalización da Praza Maior

Esta iniciativa fomentará a concorrencia de persoas á Praza Maior favorecendo a revitalización urbana e comercial da contorna que viña amosando un continuo deterioro habitacional, palpable no progresivo aumento de edificacións e vivendas en estado de abandono, así como un progresivo avellentamento e perda de residentes.

OBXECTIVOS

- Dispor de espazos para servizos públicos
Ofrecer zonas de encontro e reunión para os colectivos e asociacións da vila
- Fortalecer o tecido asociativo
- Ofrecer espazos tecnolóxicamente avanzados Pór a disposición da mocidade espazos para a socialización
- Ofertar salas de lecer para a mocidade e a infancia
- Avanzar no compromiso de consecución dos ODS, construíndo unha cidade e comunidade sustentábel ODS11
- Revitalizar o casco histórico

COMO SE FINANCIARÁ A CREACIÓN DO CENTRO CÍVICO DE PONTEAREAS?

Para financiar e poder executar as obras, o Concello dispón dos cartos necesarios grazas ao saneamento económico realizado nestes últimos anos co esforzo de todas e de todos e, tamén, grazas á Unión Europea que, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER, concedeu a Ponteareas 5 millóns de euros. O apoio e recoñecemento de Europa á estratexia "Ponteareas hábitat saudábel" contribúe a un crecemento planificado, responsábel, moderno e máis cívico.

Con fondos propios do Concello, puidemos mercar este edificio ubicado no nº 39 da Praza Maior. Unha vez se redacte o proxecto definitivo, tendo en conta as opinións dos/as participantes, a obra licitarase e poderase executar ao longo dos anos 2022 e 2023.